

**COMUNICADO Nº 311/23
20 DE NOVEMBRO DE 2023**

**A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO EDITARÁ UN ANUARIO DAS
PROBAS CELEBRADAS EN 2023 E INVERTIRÁ OS BENEFICIOS NUN PROXECTO
DEPORTIVO**

A Federación Galega de Automobilismo continúa a traballar para aumentar o apoio e promoción aos equipos participantes nos diferentes certames.

Neste caso, o departamento de comunicación da FGA elaborará un anuario cun resumo de todas as probas celebradas nos diferentes campionatos autonómicos en 2023 que se porá a venda nos vindeiros meses.

A novidade desta iniciativa é que os beneficios da venda deste Anuario serán destinados a axudar a un equipo federado en Galicia na tempada 2023 e que segundo os criterios da FGA destacou por riba do resto.

Desta forma, o equipo contará cunha axuda económica (garantida como mínimo en 3.000 euros no caso de que non se acadasen os beneficios e un tope de 6.000 euros como máximo) para dar un salto a un proxecto deportivo maior dentro do Campionato Galego que escollan.

O equipo escollido para recibir esta axuda para o seu proxecto deportivo en 2024 é o formado por Joaquín Pérez Rey e Adrián Muñiz, que na tempada 2023 foron os absolutos dominadores do Volante FGA, cunha actuación nos treitos autonómicos difícil de igualar.

Esta iniciativa terá continuidade durante os próximos anos e contará con todas as modalidades para recibir esa axuda.

Nas próximas semanas ofreceranse detalles do prezo do Anuario e a forma de adquirilo.